

PROXECTOTERRA-SECUNDARIA ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS 2012-2013 Prazo de solicitude ata o 26 de outubro

Visítade a nosa web: <http://proxectoterra.coag.es/>

1 de outubro de 2012

Estimada/o compañeira/o:

Neste curso académico 12-13, o *proxectoterra* integrouse no **Plan Proxecta** da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Para os centros que non fixestes a solicitude de actividade a través do Plan Proxecta, abrimos un **novο prazo do 1 ao 26 de Outubro** co obxectivo de que poidades realizar as vosas solicitudes.

Como resultado do convenio de colaboración asinado entre o **Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia** e a **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, queremos facervos chegar a convocatoria de **actividades complementarias 12-13** para Ed. Secundaria a desenvolver nos meses de **Marzo, Abril, Maio e Xuño de 2013**, co obxectivo de que as poidades incorporar nas vosas programacións de actividades complementarias.

A **oferta de actividades para o presente curso 12-13** mantén as novidades incorporadas nos pasados cursos:

- Visita dun día a Allariz**: Visita á vila pola mañá e actividades no Rexo pola tarde.
- Variante para o primeiro día no intercambio territorial de Allariz**, puidendo escoller entre as seguintes opcións: a) Primeiro día: Visita a Sta Mariña de Augas Santas (mañá) e actividades no Rexo (tarde) b) Primeiro día: Actividades no centro de Educación Ambiental "As Cocerizas" na Serra de San Mamede.
- Intercambios territoriais a Melgaço, Guimaraes e Porto**.

Mantemos a limitación da concesión de actividades a **unha única actividade por centro**, coa única novidade de que **terán prioridade na adxudicación das actividades os centros que as teñan solicitadas no marco do Plan Proxecta**.

O periodo escolar no que se desenvolverán as actividades é **do 1 de marzo ao 15 de xuño**:

-**Visitas guiadas de arquitectura e cidade**. Teñen unha duración dun día e desenvolveráse **en cada unha das sete cidades galegas** –A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo, Ferrol- nas que faremos un percorrido visual pola cidade e nos achegaremos aos espazos históricos e contemporáneos máis significativos. Estas visitas desenvolveráse os martes -Coruña, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol-, mércores -Ourense- e xoves -Lugo-. Neste grupo de actividades **incorporamos a visita dun día a Allariz**.

-**Intercambios territoriais**. Teñen unha duración de dous días (venres-sábado) as visitas á vila de **Allariz**, a **Ferrol-Fragas do Eume** e o tramo do **Camiño de Santiago** que percorreremos entre O Cebreiro e Samos. Con elas pretendemos poñer ao alumnado en contacto directo coas cinco formas básicas de organización territorial estudadas no proxecto: a aldea, a parroquia, a vila, a cidade e a área metropolitana. Mantemos tamén os intercambios territoriais á vila de **Melgaço**, á cidade de **Guimaraes** e á área metropolitana de **Porto**, en Portugal, que se fará en martes-mércores ou xoves-venres nos meses de marzo, abril e maio.

Como sabedes, consideramos estas actividades fundamentais no desenvolvemento do proxecto. Tamén contamos coa colaboración dos concellos de A Coruña, Allariz, Ourense, Santiago de Compostela, Melgaço e Guimaraes. Para a súa realización o *proxectoterra* aportará monitores, xestionará as visitas aos edificios e as actividades así como o aloxamento nos intercambios territoriais. Lamentablemente, neste curso xa non contamos coa colaboración do Concello de Ferrol polo que os centros interesados nesta actividade terán que facerse cargo do 50% do custo da barca (180 €) na visita guiada de arquitectura e cidade a Ferrol e do 100% (360 €) no intercambio territorial Ferrol/Fragas do Eume así como o 100% do custo da entrada ao Castelo de San Felipe.

Recordade que o **requisito ineludible** para poder participar nas nosas actividades é que **o alumnado que vaia participar na actividade ten que ter traballado previamente algunha das tres unidades do proxecto -Arquitectura Popular, Arquitectura Contemporánea, Identidade Territorial- ou estar a participar na Axenda 21 Escolar Galega**.

As **condicións** para poder participar nas actividades do proxectoterra son as seguintes:

-Teredes que **solicitar** as actividades **antes do 26 de outubro** por correo electrónico a actividades@proxectoterra.es.

-Unha vez rematado o prazo, faremos a adxudicación das datas de acordo aos seguintes criterios: **1.-**Co obxectivo de que todos os centros poidan coñecer e participar nas distintas actividades, **os centros non poderán solicitar unha actividade na que teñan participado no curso anterior.** **2.-**Dado o incremento de solicitudes que tivemos nos pasados cursos, **cada centro somente poderá participar nunha actividade:** un intercambio territorial ou unha visita guiada de arquitectura e cidade. Poderedes presentar varias opción según as vosas preferencias.

-O **alumnado que participe na actividade**, prioritariamente de 3º e 4º da ESO, **terá que ter traballado previamente algunha das tres unidades do proxecto -Arquitectura Popular, Arquitectura Contemporánea, Identidade Territorial-** dacordo ao seguinte criterio:

- Visitas guiadas de arquitectura e cidade: Calquera das tres unidades
- Intercambios territoriais: **Camiño de Santiago** (Arq Popular - Identidade Territorial), **Allariz** (Arq Popular - Identidade Territorial), **Ferrol-Fragas do Eume** (Arq Contemporánea - Identidade Territorial), **Melgaço - Guimaraes - Porto** (Identidade Territorial)

-O **número máximo de alumnos será de 50-55** en función das prazas do autobús, debendo acompañar un profesor/a por cada 20 alumnos/as ou fracción, como mínimo. Tamén poderán solicitar as actividades os centros de ESO que estean acollidos ao programa da Axenda 21 Escolar Galega. Co obxectivo de velar polo cumprimento deste requisito, o alumnado deberá cubrir con anterioridade á visita unha enquisa sobre a unidade que o profesor/a responsable do grupo e da actividade se comprometerá a traballar ao facer a solicitude. A **actividade do Camiño de Santiago estará limitada a 40 alumno/as.**

-O **número mínimo de alumnos/as será de 25**, acompañados polo menos por dous profesores/as. Podedes poñervos de acordo entre varios centros para a participación nas actividades.

-O **custo do autobús correrá sempre a cargo do centro.**

-O **alumnado terá que facerse cargo da comida do primeiro día de actividade.**

-**Nos intercambios territoriais, o proxectoterra farase cargo do aloxamento, da cea do primeiro día e o almuerzo e xantar do segundo día de actividade.**

-O **centro deberá facerse cargo dos seguintes gastos:**

- Custo da entrada ás Termas da Chavasqueira na visita a Ourense (no caso de non poder ir ás Termas de Outariz)
- O 50% custo da Barca (190 €) na visita guiada a Ferrol. (Novidade)
- O 100% custo da Barca (380 €) no Intercambio Territorial Ferrol/Fragas do Eume. (Novidade)
- O 100% custo da entrada ao Castelo de San Felipe na visita e no Intercambio Territorial Ferrol. (Novidade)
- Custo do billete do Metro en Porto.

-**MOI IMPORTANTE:** As actividades do proxectoterra son actividades complementarias polo que deben ter as aprobacións oportunas por parte do centro. **O alumnado estará sempre baixo a responsabilidade do profesorado do centro acompañante**, debendo estar sempre presente ao longo das actividades e colaborar cos guías e monitores no seu desenvolvemento. Os guías e monitores dinamizan e guían as actividades debendo estar sempre acompañados por un profesor/a do centro que será o responsable do grupo. **O incumplimento desta condición suporá a suspensión inmediata da actividade.**

Recordade que esperamos as vosas peticións a través do noso correo electrónico actividades@proxectoterra.es, indicando as vosas preferencias nas datas dando alomenos dúas alternativas, e confiamos poder responder aos vosos intereses.

Atentamente:

Xosé Manuel Rosales Noves
Coordinador do proxectoterra

actividades@proxectoterra.es
<http://proxectoterra.coag.es>

PROXECTOTERRA: INTERCAMBIO TERRITORIAL CAMIÑO DE SANTIAGO DO CEBREIRO A SAMOS PROGRAMA 12-13

VENRES

- De 08:30 a 09:00.- Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar ao Cebreiro entre 12:00 e 12:30.
- De 12:00 a 12:30.- Chegada ao Cebreiro.
- De 12:30 a 14:00.- Visita polo Cebreiro: Palloza-museo, igrexa e conxunto.
- De 14:00 a 15:00.- Xantar no Cebreiro. Recordade que debedes levar o xantar para o primeiro día. Na aldea tamén hai sitios onde podedes comprar o xantar.
- As 15:00.- O autobús deixaríavos ou ben no **Alto do Poio** ou en **Fonfría** (3 km máis adiante), así evitaríamos a subida e a partir deste punto comezaríamos a baixar cara a **Triacastela**. De **Fonfría a Triacastela** hai uns 8 Km.

O autobús, despois de deixarvos, levaría as mochilas e equipaxes directamente aos albergues para que os rapaces non teñan que cargar con eles. Juan Fernández, a persoa que vos acompañará na actividade, xa organiza esta operación. Unha vez que deixa as mochilas e equipaxes, xa pode marchar (arredor das 5 da tarde). Tería que voltar o sábado a recollervos sobre as 19:00 en Samos para voltar cara á vosa localidade.

- De 18:00 a 18:30.- Chegada a **Triacastela**. Imos aos albergues e repartimos as habitacións. O resto do tempo queda libre. A cea no Restaurante Río (982.548.133) (proxectoterra)

SÁBADO

- As 09:00.- Almorzo no Restaurante Río (982.548.133) (proxectoterra). Recollida das bolsas co xantar (proxectoterra).
- De 09:30 a 10:00.- Recollida das habitacións. Faremos xestións para que un transporte nos leve as equipaxes desde **Triacastela** ata o **Mosteiro de Samos**.
- De 10:00 a 12:30.- Actividade desmostración de tecido no taller "**Artelar**" (Cecilia 616.106.429). Aproveitaremos para visitar o novo albergue da Xunta e ver o conxunto rehabilitado.
- As 13:00.- Saimos en dirección a **Samos**.
- As 14:30.- Chegamos ao **muiño do Pino** (Manuel 655.025.312) en **Renche** no que veremos o seu funcionamento e xantaremos.
- De 16:30 a 17:00.- Chegada a **Samos**.
- De 17:30 a 18:30.- Visita guiada ao **Mosteiro de Samos**.
- As 19:00.- Chegada do autobús a Samos para recollervos e camiño de volta.

LEMBRADE QUE:

- Debedes levar saco de durmir, toalla, muda de roupa -por se se precisase-.
- Debedes levar o xantar (uns bocadillos e bebida) para o primeiro día.
- Nos non temos coche escoba porque os tramos son curtos (arredor de 8 km) nin temos servizo sanitario. En todas as ocasións que fixemos esta actividade nunca foi necesario.
- DEBEDES LEVAR CALZADO AXEITADO PARA ESTA ACTIVIDADE.**

A persoa que vos acompañará na actividade é Juan Fernández (626.530.052) jfernandez@edu.xunta.es . Se houbera algún imprevisto ou dificultade, podedes poñervos en contacto co coordinador do proxectoterra Xosé M. Rosales no seu teléfono 610.653.093.

PROXECTOTERRA: VISITA A ALLARIZ PROGRAMA 12-13

1 DÍA

- De 08:30 a 09:00.- Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar a Allariz ás 10:30 co obxectivo de comezar a visita pola vila.
- De 10:30 a 13:30.- As 10:30 teredes que estar no punto de encontro, na oficina municipal de información, indicada no plano. Faremos unha **visita polo centro histórico de Allariz**, visitando o **Museo do Coiro**, o **Muiño do Burato** e o **Museo do Xoguete** como significativas actuacións de recuperación do patrimonio etnográfico da vila, e facendo espacial fincape nas actuación que o Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Allariz (P.E.C.H.A.) deu como resultado a concesión en 1994 do Premio Europeo de Urbanismo.
 - Saneamento do cauce do río Arnoia
 - Recuperación medioambiental das marxes do río Arnoia.
 - Rehabilitación integral de vivendas
 - Actuacións en rúas e espazos comúns.
- As 13:45.- Saída cara o REXO para o xantar. **TEDES QUE LEVAR O XANTAR**
- As 14:15.- Chegada ao REXO para xantar. Si tedes bo tempo, poderedes xantar no ecoespazo. Si vai mal tempo, poderedes xantar na aula do Centro de Educación Ambiental.
- De 15:00 a 18:00.- Actividades no **Centro de Educación Ambiental do Rexo (CEA)** a cargo dos monitores da **Fundación Gonzalez Ferreiro** (CEA 988441175, Carlos 610029717).
- As 18:00.- Camiño de volta.

MOI IMPORTANTE: O AUTOBÚS TEN QUE ESTAR CO GRUPO TODO A DÍA.

Se houbera algún imprevisto ou dificultade, poderedes poñervos en contacto co coordinador do proxectoterra Xosé M. Rosales no seu teléfono 610.653.093.



PROXECTOTERRA: INTERCAMBIO TERRITORIAL DE ALLARIZ PROGRAMA 12-13

Opción A): STA MARIÑA - O REXO - ALLARIZ

PRIMEIRO DÍA

- De 08:30 a 09:00.- Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar a Sta Mariña de Augas Santas entre 12:00 e 12:30. Antes de chegar deberedes facer unha parada que permita ir ao aseo xa que en Sta. Mariña somente hai un bar e presenta dificultades para o seu uso. Levade bocata, froita e bebida para media mañá.
- De 12:00 a 12:30.- Chegada a **Sta. Mariña de Augas Santas**. Visita á **aldea** e a **Igrexa**. Para entrar na igrexa ten que abrírnos a porta **Visitación** (tfno: 988.442109). Visitación é unha veciña de Sta. Mariña que nos contará a lenda da Santa e nos indicará como chegar ata o **Forno da Santa**. Rematada a visita, dirixirémonos a **O REXO**.
- As 14:15.- Saída cara o REXO para o xantar. **TEDES QUE LEVAR O XANTAR PARA O 1º DÍA**
- As 14:30.- Chegada ao REXO. Si tedes bo tempo, poderedes xantar no ecoespazo. Si vai mal tempo, poderedes xantar na aula do Centro de Educación Ambiental
- De 15:30 a 18:30.- Actividades no **Centro de Educación Ambiental do Rexo (CEA)** a cargo dos monitores da **Fundación Gonzalez Ferreiro** (CEA 988441175, Carlos 610029717).
- De 18:30 a 19:00.- Chegada ao **Albergue Salesiano Arnoia** (tfno: 988.440028). Aquí a persoa de contacto é **Jose Luis**. Faremos o reparto dos cuartos.
- De 19:00 a 21:15.- Tempo libre. Temos concedido o uso gratuito da Piscina Municipal (indicada no mapa e teléfono 988.442083) co único requisito de facer turnos a partir das **20:00 e ata 21:15 de 20 persoas máximo por turno. Moi importante respectar o horario e o tamaño dos grupos. O/a profesor/a acompañante terá que estar co alumnado no recinto da piscina**
- Ás 21:30.- Cea no Albergue
- As 22:15.- Proxección da película "**A lingua das bolboretas**". Preguntarlle a Jose Luis onde esta o equipo de proxección e facervos cargo del. Esta perfectamente instalado

SEGUNDO DÍA:

- As 09:30.- Almorzo
- De 10:00 a 10:30.- Recollida dos cuartos e equipaxes.
- As 10:30.- Vos recollerá no albergue o **guía de Reatur** (persoa de contacto Vanesa (988.440126). No caso de que o grupo sexa superior a 35 persoas tentaremos que haxa dous guías para poder facer dous grupos.
- De 10:30 a 13:30.- Estaremos facendo unha **visita polo centro historico de Allariz**, visitando o **Museo do Coiro**, o **Muiño do Burato** e o **Museo do Xoguete** como significativas actuacións de recuperación do patrimonio etnográfico da vila, e facendo espacial fincape nas actuacións de o Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Allariz (P.E.C.H.A.) deu como resultado a concesión en 1994 do Premio Europeo de Urbanismo.
 - Saneamento do cauce do río Arnoia
 - Recuperación medioambiental das marxes do río Arnoia.
 - Rehabilitación integral de vivendas
 - Actuacións en rúas e espazos comúns.
- 14:30.- Xantar no Albergue.
- De 15:30 a 16:30.- Tempo libre para un percorrido pola vila
- As 16:30.- Camiño de volta.

LEMBRAR QUE: -DEBEDES LEVAR SACO DE DURMIR, TOALLA, MUDA DE ROUPA, ROUPA DE BAÑO (GORRO, BAÑADOR E CHANCLAS)
-MOI IMPORTANTE: LEVADE CALZADO COMODO PARA ANDAR POLO CAMPO

MOI IMPORTANTE: O AUTOBÚS TEN QUE ESTAR CO GRUPO O PRIMEIRO DÍA ATA A CHEGADA AO ALBERGUE ÁS 19:00 E ESTARÍA LIBRE ATA O SEGUNDO DÍA AS 16:30.

Se houbera algún imprevisto ou dificultade, poderedes poñervos en contacto co coordinador do proxectoterra Xosé M. Rosales no seu teléfono 610.653.093.

ENTIDADES COLABORADORAS:

PROXECTOTERRA: INTERCAMBIO TERRITORIAL DE ALLARIZ PROGRAMA 12-13 **SOMENTE NOS MESES DE ABRIL E MAIO** Opción B): AS CORCERIZAS – ALLARIZ

PRIMEIRO DÍA

- De 08:30 a 09:00.- Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar a “As Corcerizas” entre 11:30 e 11:45. Contactos **Paula e Analía** (988 302403)
- De 11:30 a 11:45.- Chegada a “As Corcerizas” na Serra de San Mamede <http://www.ascorcerizas.com/>
- De 12:00 a 18:00.- Hai dúas posibles actividades a desenvolver dependendo da climatoloxía e o que acorde o profesorado coas monitoras: Paula e Analía info@ascorcerizas.com
1.- **Coñecer para entender. Sentir para crer.** Esta proposta desenvólvese no equipamento de As Corcerizas e nela se plantean a relación dos asentamentos humanos cos principais problemas ambientais, a aplicación práctica das enerxías renovables e a xestión alternativa dos residuos, a bioconstrución como alternativa facendo interpretacións de posibles aplicacións no propio equipamento rematando cunha actividade práctica de construción en barro.
2.- **Outros lugares, outras xentes, outras formas de vivir.** Esta proposta combina actividades no propio equipamento sobre a bioconstrución como alternativa, facendo interpretacións de posibles aplicacións no propio equipamento, cun roteiro pola Serra de San Mamede no que se fai análise da paisaxe e impactos dos asentamentos humanos xunto cunha visita etnográfica polo pobo de Rebordechao
- De 18:30 a 19:00.- Chegada ao **Albergue Salesiano Arnoia** (tfn: 988.440028). Aquí a persoa de contacto é **José Luis** rsalesianaa@planalfa.es. Faremos o reparto dos cuartos.
- De 19:00 a 21:15.- Tempo libre. Temos concedido o uso gratuito da Piscina Municipal (indicada no mapa e teléfono 988.442083) co único requisito de facer turnos a partir das **20:00 e ata 21:15 de 20 persoas máximo por turno. Moi importante respectar o horario e o tamaño dos grupos. O/a profesora/a acompañante terá que estar co alumnado no recinto da piscina**
- Ás 21:30.- Cea no Albergue
- As 22:15.- Proxección da película “A lingua das bolboretas”

SEGUNDO DÍA:

- As 09:30.- Almorzo
- De 10:00 a 10:30.- Recollida dos cuartos e equipaxes.
- As 10:30.- Vos recollerá no albergue o **guía de Reatur** (persoa de contacto **Vanesa** 988.440126 reaturallariz@yahoo.es). No caso de que o grupo sexa superior a 35 persoas tentaremos que haxa dous guías para poder facer dous grupos.
- De 10:30 a 13:30.- Estaremos facendo unha **visita polo centro histórico de Allariz**, visitando o **Museo do Coiro**, o **Muiño do Burato** e o **Museo do Xogete** como significativas actuacións de recuperación do patrimonio etnográfico da vila, e facendo espacial fincape nas actuacións que o Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Allariz (P.E.C.H.A.) deu como resultado a concesión en 1994 do Premio Europeo de Urbanismo.
 - Saneamento do cauce do río Arnoia
 - Recuperación medioambiental das marxes do río Arnoia.
 - Rehabilitación integral de vivendas
 - Actuacións en rúas e espazos comúns.
- 14:30.- Xantar no Albergue.
- De 15:30 a 16:30.- Tempo libre para un percorrido pola vila
- As 16:30.- Camiño de volta.

LEMBRADE QUE:

- DEBEDES LEVAR SACO DE DURMIR, TOALLA, MUDA DE ROUPA, ROUPA DE BAÑO (GORRO, BAÑADOR E CHANCLAS)
- TEDES QUE LEVAR O XANTAR PARA O PRIMEIRO DÍA
- MOI IMPORTANTE: LEVADE CALZADO COMODO PARA ANDAR POLO CAMPO

ENTIDADES COLABORADORAS:

COORDINADOR

PROXECTOTERRA: VISITA GUIADA DE ARQUITECTURA E CIDADE FERROL – PROGRAMA 11-12

UN DÍA

- De 08:30 a 09:00.-** Saímos do centro as **09:00** como moi tarde.
- De 10:00 a 10:30.-** Chegada a Ferrol. **Ver itinerario de entrada no plano.** Saímos da autopista en Fene (saída 27 F-A), atravesamos a ponte das Pías e nada mas rematar a ponte collemos unha desviación á dereita para ir ao polígono de Caranza. Seguides a ruta marcada no mapa e pasaredes por Esteiro, Campus e chegamos ao puno **P** do plano na **Praza de Galicia**, ó lado do Teatro Jofre. **Aquí baixamos do autobús** para iniciar a visita ao barrio da Magdalena.
- De 10:30 a 11:30.-** Facemos a **visita ao barrio da Magdalena** seguindo o itinerario marcado no plano, que finalizará no parque Raiña Sofía. Non deberemos chegar ao parque mas tarde das **11:30** porque non daría tempo a facer as visitas. No parque faremos dous grupos cos alumnos, e rotaremos visita á aula de **Ecoloxía Urbana** (981.944222), e o parque de **Aquaciencia** (981.944221). Si chegades tarde e non da tempo a facer algunha das visitas, por favor, chamade para avisar.
- De 11:30 a 14:00.-** Facemos as **visitas** á aula de **Ecoloxía Urbana**, e o parque de **Aquaciencia**.
- Ás 14:00 a 14:15.-** Deixamos o parque Raiña Sofía e baixamos cara o peirao da Curuxeira pola rúa San Francisco. Ao chegar ao peirao, collemos a barca "Rias Altas Dos" (Paco 620926958) que nos levará pola ría nun paseo que chegará á ponte da Pías e voltaremos ata Mugardos onde atracaremos ás **15:15** para xantar, tomar café..- (o alumnado deberá levar a comida o día). Podedes aproveitar para xantar no barco.
- Ás 15:45.-** Saímos de **Mugardos** para achegarnos na barca ao porto exterior e de volta atracar no **castelo de San Felipe** as **16:00**. Facemos unha visita guiada de 45 minutos polo castelo (Guia: Isabel 696531070)
- Ás 17:00.-** Chegamos de volta ao peirao da Curruxeira. Aquí nos recolle o autobús e emprendemos o camiño de volta.

MOI IMPORTANTE: Os desprazamentos por Ferrol tedes que facelos vos, seguindo as indicacións do plano. Cando chegedes a Aquaciencia ou a Aula de Ecoloxía Urbana, os monitores correspondentes guiarán as actividades. Tamén o itinerario de visita ao barrio da Magdalena teredes que facelos vos seguindo o plano que vos entregaremos cos materiais da visita.

MOI IMPORTANTE: TEDES QUE LEVAR O XANTAR PARA O DÍA, E CALZADO AXEITADO PARA CAMIÑAR.

Se houbera algún imprevisto ou dificultade, podedes poñervos en contacto co coordinador do proxectoterra Xosé M. Rosales no seu teléfono 610.653.093.

PROXECTOTERRA: INTERCAMBIO TERRITORIAL FERROL-FRAGAS DO EUME. PROGRAMA 12-13

PRIMEIRO DÍA

- De 08:30 a 09:00.- Saímos do centro arredor das 09:00.
- De 11:00 a 11:30.- Chegada a Ferrol. **Ver itinerario de entrada no plano.** Saímos da autopista en Fene (saída 27 F-A), atravesamos a ponte das Pías e nada mas rematar a ponte collemos unha desviación á dereita para ir ao polígono de Caranza. Seguides a ruta marcada no mapa e pasaredes por Esteiro, Campus e chegamos ao peirao da Curuxeira no Ferrol Vello.
- De 11:30 a 12:00.- Chegada á Curuxeira. Atravesamos o Ferrol Vello e dirixímonos ao parque Raiña Sofia. Non deberemos chegar ao parque mas tarde das 12:00 porque non daría tempo a facer as visitas. No parque faremos dous grupos cos alumnos, e rotaremos visita á aula de **Ecoloxía Urbana** (981.944222), e o parque de **Aquaciencia** (981.944221). Si chegades tarde e non da tempo a facer algunha das visitas, por favor, chamade para avisar.
- Ás 14:00 a 14:15.- Collemos no **peirao da Curuxeira** a barca "Rias Altas Dos" (Paco 620926958) que nos levará pola ría nun paseo que chegará á ponte da Pías e voltaremos ata Mugardos onde atracaremos ás 15:15 para xantar, tomar café..- (o alumnado deberá levar a comida para o primeiro día). Podedes aproveitar para xantar no barco.
- Ás 15:45.- Saímos de **Mugardos** para achegarnos na barca ao porto exterior e de volta atracar no **castelo de San Felipe** as 16:00. Facemos unha visita guiada de 45 minutos polo castelo (Guias: Isabel 696531070)
- Ás 17:00.- Chegamos de volta ao peirao da Curuxeira.
- De 17:00 a 19:00.- Paseo polo **barrio da Magdalena**. Seguiremos os itinerarios marcados no plano.
- Ás 18:30.- Collemos o autobús camiño do **Albergue Alvarella**, no punto **P** do plano na Praza de Galicia ao lado do teatro Jofre (podedes seguir as indicacións do plano). Contactos de Alvarella: 981.784563
- Ás 19:00.- Chegada ao albergue, distribuindo ao alumnado polas habitacións.
- Ás 20:00.- Pequena charla sobre a actividade do día seguinte polas **Fragas do Eume**.
- Ás 21:15.- Cea no albergue.

MOI IMPORTANTE: Os desprazamentos por Ferrol, incluída a visita ao barrio da Magdalena, tedes que facelos vos, seguindo as indicacións do plano. Cando chegedes a Aquaciencia ou a Aula de Ecoloxía Urbana, os monitores correspondentes guiarán as actividades.

SEGUNDO DÍA

- Ás 09:30.- Almorzo
- De 10:00 a 12:00.- Actividade de bioconstrución no albergue e percorrido polas instalacións.
- Ás 12:00.- Recolleremos unha bolsa co xantar que nos darán no albergue. O autobús nos levará ata a **Capela** e sairemos andando dirección a **Caaveiro**. **Temos que levar calzado axeitado para camiñar e roupa que nos permita protexernos da choiva se fora o caso.** Pararemos a xantar no camiño. Pasado Caaveiro, faremos a ruta das tres pontes ata chegar ao punto de entrada no parque no que nos estará esperando o autobus para ir de volta á casa.
- Ás 17:00.- Daremos por rematada a actividade.

MOI IMPORTANTE: TEDES QUE LEVAR O XANTAR PARA O 1º DÍA, SACO DE DURMIR, TOALLA, CALZADO AXEITADO PARA CAMIÑAR POLAS FRAGAS E UNHA MUDA DE ROUPA POR SI FORA NECESARIA. TAMÉN TEDES QUE LEVAR UN PANO DA MESA DE TEA PARA A VOSA LIMPEZA -no albergue están a traballar o uso dos panos de mesa de tea en substitución dos de papel-.

Se houbera algún imprevisto ou dificultade, podedes poñervos en contacto co coordinador do proxectoterra Xosé M. Rosales no seu teléfono 610.653.093.

PROXECTOTERRA: VISITA GUIADA DE ARQUITECTURA E CIDADE VIGO. PROGRAMA 12-13

UN DÍA

-A visita comeza as **10:15** da mañá e teredes que recoller aos guías no **Areal** xusto diante dos xardíns Elio Garai . Alí comeza o percorrido visual en autobús pola cidade que rematará sobre as **12:15** no Berbés.

-De **10:15** a **12:15**, **percorrido visual en autobús**. Pasaremos por: Areal, Estación Marítima, Ensanche, García Barbón, Policarpo Sanza, Paseo de Alfonso, Venezuela, Gran Vía, Castrelos, Zona Franca, Florida, Martín Echegaray, Polígono de Coia, Avda. Europa, Samil, Alcabre, Bouzas, Avda. de Beiramar e Berbés.

-De **12:15** a **13:00** faremos un percorrido dende o Berbés ata o **MARCO**, pasando polo Casco Vello e Príncipe. Pasaremos por: rúa Real, praza Almeida, Instituto Camóes, rúa Cesteiros, praza da Constitución, Porta do Sol e Príncipe.

-As **13:15** faremos unha visita guiada ao **MARCO**. Faremos un percorrido polo edificio no que nos explicarán o proceso de adecuación ao novo uso museístico ao tempo que visitaremos algunha das exposicións temporais que teñan nese momento.

-Sobre as **14:30** o autobús ten que recollervos de novo no **MARCO** para levarvos a xantar ao **Campus** -o alumnado deberá levar o xantar ou ben poderá comprar o que necesiten no propio Campus-.

-De **15:00** a **16:00** terán tempo libre para xantar no Campus.

-De **16:00** a **17:00** faremos unha visita polas distintas facultades do Campus. Edificio Miralles, Facultade de Económicas, Biblioteca Central, Reitorado.

-As **17:00** daremos por rematada a actividade.




PROXECTOTERRA: VISITA GUIADA DE ARQUITECTURA E CIDADE A CORUÑA. PROGRAMA 12-13

Importante: A saída do centro tedes que facela tendo presente que ás 10:00 tedes chegar á Fonte das Paxariñas no polígono de Elviña (ver plano adxunto).

10:00.- Chegada a A Coruña. Tedes que recoller na Fonte das Paxariñas no polígono de Elviña ao guía que vos acompañará no percorrido en autobús. Este é o punto de comezo da actividade. Se por calquera motivo vos retrasades, comunicarlle o voso retraso xa que estarán pendentes de vosoutros.

10:00-11:30.- A visita iníciase cun percorrido en autobús pola cidade para mostrarvos os distintos barrios, infraestruturas e equipamentos.

Non faremos paradas no autobús ata chegar á Fundación Luis Seoane as 11:30 polo que sería aconsellable que forades ao aseo antes de saír. Tamén deberedes levar un pequeno bocadillo, froita, bebida... para media mañá xa que non faremos paradas de avituallamento ata a hora de xantar ás 14:00 no Porto de Ocio.



A visita en autobús dura unha hora e media. Co obxectivo de axudarvos a recordar o que estaredes a ver, suxerimos que aproveitedes a libreta incorporada nos materiais e ide tomando notas dos sitios, barrios e elementos significativos do itinerario.

11:30-12:30.- Visita á Fundación Luis Seoane. Faremos dous grupos que desenvolveran as actividades por separado. (Se fora posible, trataríamos de substituír a visita á Fundación Luis Seoane pola visita ao MUNCYT –Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía)

12:30-14:00.- Faremos un paseo camiñando dende a Fundación ata os Xardíns de Mendez Nuñez. De 14:00 a 14:15 contamos con ter chegado ao Porto de Ocio para xantar. Recordade que tedes que levar o voso xantar.

15:15.- Saímos a pe cara o museo de Belas Artes.

15:30.- Chegaremos ao museo. Faremos dous grupos, e alternativamente faremos a visita ao museo (uns 50'), ou participaredes nun taller de gravado. Para o taller de gravado aconsellamos que levedes o voso propio debuxo de 10x14 cm do que poderedes facer o gravado. O debuxo debe ser preferiblemente de liñas ou raiados, sen textos e fácil de calcar.

17:30.- Sairemos do museo e colleremos o autobús de volta cara o Instituto.

Ao longo de todo o día deberedes ter a vosa disposición o autobús para que no caso de que o tempo non permitira facer o paseo ou desprazamentos a pe, pase a recollervos e desenvolver algunha actividade alternativa.

PROXECTOTERRA: VISITA GUIADA DE ARQUITECTURA E CIDADE LUGO. PROGRAMA 12-13

UN DÍA

-11:15-11:30.- Chegada do grupo ao punto de encontro coas guías diante da Estación de Autobuses.

-11:30-12:15.- Paseo pola muralla ata o barrio da Tinería. Paseo pola Tinería para ver o traballo de recuperación do barrio e rehabilitación das vivendas que se destinan a alquiler de vivendas para xoves. Chegada ao Museo Provincial.

-12:15-13:15.- Visita ao Museo Provincial

-13:20-13:40.- Visita dun grupo de 25 como máximo á Casa dos Mosaicos. O resto fai un pequeno paseo polo centro histórico ata as 13:45. Procurade ser puntuais xa que o tempo é moi xustiño

-13:40-14:00.- Visita do segundo grupo á Casa dos Mosaicos. Mentras o primeiro grupo fai un pequeno paseo polo centro histórico ata as 14:00.


-14:00-15:00. Tempo libre pasa xantar, arredor da Praza Maior.

-15:00-16:00. Collemos o autobús na Praza da Constitución, diante da Estación de Autobuses, e comezamos o percorrido: Ronda da Muralla, avda da Coruña, polígono do Ceao, centro As Termas, barrio da Estación, parque fluvial do río Rato, Campus Universitario, polígono de Fingoi, avda. Ramón Ferreiro, parque e mirador de Rosalía de Castro, rematando neste punto o percorrido no autobús. Si vai bo tempo, poderedes facer unha parada no parque fluvial do río Rato.

-As 16:00-16:30.- Daremos por rematada a actividade.

Tfnos. de contacto: Xosé M. Rosales Noves: 610.653.093
Coordinador do proxectoterra

Guías: Uxia: 649208590
Eva: 649011570



PROXECTOTERRA: VISITA GUIADA DE ARQUITECTURA E CIDADE OURENSE. PROGRAMA 12-13

UN DÍA

-10:00.- Recollida das guías diante da Estación do Tren, na parada do autobús

-10:15.- Chegada á Alameda do Concello



-10:15.-Comezo da visita polo caso histórico de Ourense.

-12:00.-Xuntámonos de novo na Alameda do Concello para comezar a visita en autobús pola cidade. Dirixirémonos ao barrio das Lagoas, Campus, e collemos a estrada da Rúa ata o encoro de Cachamuíña. Alí nos desviamos cara o polígono industrial de Pereiro de Aguiar, e dirixímonos á fábrica de Lonía Textil.

-12:30.-Chegada a Lonía Textil. Visita á fábrica de 12:30 a 13:30

-13:30.-Rematada a visita á fábrica, continuamos o percorrido no autobús. Seguimos dirección do polígono de San Cibrao, atravesámolo e collemos a estrada vella de Madrid entrando en Ourense pola zona de Mariñamansa, avda. da Habana, Xoan XXIII, Ervedelo e barrio do Couto. Si temos BO TEMPO, iremos ás termas públicas e gratuitas de Outariz, según a ruta indicada no plano. Si vai mal tempo, cruzamos o Miño pola Ponte Novísima e enfiámonos cara as termas da Chavasqueira, ás que chegaremos sobre as 14:30-15:00 nas que podemos estar ata as 17:00. Nas termas xantaremos -o alumnado deberá levar o xantar ou pode compralo alí xa que hai bar con bocatas, tostas,...- e poderemos estar nas termas en grupos de 20-25 alumnos máximo polo que posiblemente haberá que facer turnos. **Moi importante é que o alumnado que quera bañarse nas termas terá que levar bañador, chanclas e toalla.** Recordade que a entrada ás Termas da Chavasqueira ten que pagala o alumnado interesado no baño (uns 4-5 €).

-As 17:00 daremos por rematada a actividade.

Tfnos. de contacto: Xosé M. Rosales Noves:
Coordinador do proxectoterra

610.653.093

Guías: Uxia: 649208590
Eva: 649011570

ENTIDADES COLABORADORAS:

COORDINADOR

PROXECTOTERRA: VISITA GUIADA DE ARQUITECTURA E CIDADE PONTEVEDRA. PROGRAMA 12-13

Estas son algunhas indicacións para a actividade "Visita Guiada de Arquitectura e Cidade a Pontevedra" que ides desenvolver dentro do programa de actividades complementarias do proxectoterra.

-A saída do centro tedes que facela tendo presente que ás **10:30** tedes que recoller a guía nun lateral do Pavillón Municipal dos Deportes (ver plano). Este é o punto de comezo da actividade. Se por calquera motivo vos retrasades, comunicarlle o voso retraso xa que estará pendente de vosoutros.

10:30.-A visita inícase cun percorrido en autobús pola ría ata chegar ao Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

11:00-12:30.-Paseo polo parque de Lourizán con explicacións a cargo dos guías do parque.

12:30-13:15.-Paseo en autobús desde Lourizán por distintos barrios de Pontevedra, rematando o percorrido as 13:15 na Alameda, diante do Concello.

13:15-14:15.-Paseo polo centro histórico de Pontevedra facendo fincape nas actuación de peonalización e restauración así como na arquitectura histórica do casco. Rematamos as 14:30 na Peregrina


14:15-15:15.- Tempo para o xantar, que corre pola vosa conta. As 15:15 xuntaredevos o grupo na praza da Ferrería para encamiñarvos cara o Museo de Pontevedra.

15:30-17:00 Visita guiada ao museo de Pontevedra a cargo dos guías do museo. A visita pretende explicar a historia do museo, os seus edificios e coleccións que acolle.

17:00-Remataremos a visita, recolléndovos o autobús na beira do río, nun punto próximo ao museo, encamiñándovos de volta cara o centro

No caso de que houbera algunha incidencia, podeades poñervos en contacto co coordinador do proxectoterra, Xosé M. Rosales, no seu teléfono 610.653.093.

Debedes indicarlle ao alumnado que non faremos paradas no autobus ata chegar a Lourizán as 11:00 polo que sería aconsellable que foran ao aseo antes de saír. Tamén deberían levar un pequeno bocadillo, froita, bebida... para media mañá xa que non faremos paradas ata a hora de xantar ás 14:15.



PROXECTOTERRA: VISITA GUIADA DE ARQUITECTURA E CIDADE SANTIAGO. PROGRAMA 12-13

Na visita a Santiago facemos fincaxe nos aspectos máis significativos do urbanismo en Santiago nos últimos vinte anos, pezas significativas da arquitectura contemporánea e o gran valor arquitectónico e urbano do centro histórico.

MOI IMPORTANTE: A visita comeza as **10:00** para as visitas que inclúan a presenza na sala de plenos na Sesión de Preguntas ao Goberno, ou ás **10:30** da mañá para as visitas que non coincidan con Sesión de Preguntas ao Goberno. Nos dous casos a visita remata remata as 17:30 da tarde.

A saída do centro tedes que facela tendo presente que ás **10:00** tedes que chegar ao PARLAMENTO DE GALICIA.

As 09:30 / 10:00.- Chegada en autobús ao Parlamento de Galicia. Alí estarán esperando as guías que vos acompañarán ao longo do día. **MOI IMPORTANTE:** Tedes que enviarnos previamente un listado (Nome, apelidos e DNI) do profesorado e alumnado participante na actividade xa que haberá que envialo ao Parlamento e tamén entrégalo no momento da entrada no Control de Acceso.

Xa non se necesitará o autobús ata o remate da visita as 17:30 no CGAC

De 10:00 a 10:30.- Presenza na Sala de Plenos na Sesión de Preguntas ao Goberno.

De 10:30 a 11:30.- Visita ao edificio do Parlamento.

As 11:30.- Remata a Visita ao Parlamento

De 11:30 a 13:30.- Paseo urbano polo centro histórico: Saimos do Parlamento e dirixímonos ata a Ferradura para comezar o paseo polo centro histórico, rematando a visita no CGAC / Museo do Pobo Galego.

De 13:30 a 15:00.- Tempo para xantar nos arredores do CGAC / Museo do Pobo Galego. Tedes que levar o xantar.

De 15:00 a 15:45.- Visitas ao parque de Bonaval e ao parque de Belvís

De 15:45 a 16:00.- Pequeno descanso antes de comezar as visitas aos museos.

De 16:00 a 17:30.- Visitas ao CGAC - Museo do Pobo Galego. Facemos dous grupos que alternan as visitas. (1ª visita de 16:00 a 16:45, 2ª visita de 16:45 a 17:30)

As 17:30.- Remata a visita.

É moi importante respectar o horario previsto co obxectivo de rematar a visita a tempo de chegar á saída dos autobuses do transporte escolar.

Tfnos. de contacto: Xosé M. Rosales Noves:
Coordinador do proxectoterra

610.653.093

Monitoras: Uxia: 649208590
Eva: 649011570

ENTIDADES COLABORADORAS:



COORDINADOR
XOSÉ MANUEL ROSALES NOVES
RUA ARCO 5 - 7, 7º - 15003 A CORUÑA
TFNO: 610.653.093
E-MAIL: PROXECTOTERRA@COAG.ES

PROXECTOTERRA: INTERCAMBIO TERRITORIAL DE MELGAÇO PROGRAMA 12-13

PRIMEIRO DÍA

- De 08:30 a 09:00: Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar á **Porta de Lamas de Mouro** entre 11:30 e 12:00 (hora galega).
- De 11:30 a 12:00: Chegaremos á **Porta de Lamas de Mouro** (teléfono de contacto: 00351-251465013) as 11:30-12:00 (hora galega). A organización das posibles actividades estará en función da idade do alumnado e a climatoloxía. Xantaremos na Porta de Lamas. Recordade que o alumnado ten que **levar o xantar para o primeiro día e un bocata e bebidas para media mañá**.
 - Actividades fixas:
 - Visita guiada á Porta de Lamas e á Exposición "Ordenación do Territorio"
 - Proxección de vídeos sobre o Parque natural de Peneda do Geres
 - Posibles actividades:
 - Roteiro interpretativo de Lamas de Mouro (4.5 Km)
 - Roteiro "Na marxen do Rio Mouro"
 - Visita a Castro Leboreiro-
- Ás 17:30.- Remataremos na Porta de Lamas ás 17:30 (hora galega).
- Ás 18:00.- Chegada á **Pousada da Juventude** (teléfono de contacto: 00351-251410200) en Monte Prado-Melgaço ás 18:00 (hora galega). Réparto das habitacións.
- De 18:30 a 20:00.- Actividades deportivas no **Centro de Estagios** de 18:30 a 20:00 (hora galega).
- De 20:30 a 21:30.- Cea na **Pousada da Juventude** de 20:30 a 21:30 (hora galega)
- Ás 21:30.- Fin das actividades do primeiro día.

SEGUNDO DÍA

- De 09:30 a 10:00.- Almorzo de 09:30 a 10:00 (hora galega)
- De 10:00 a 10:30.- Recollida das habitacións 10:00-10:30 (hora galega)
- De 11:00 a 13:30.- **Visita por Melgaço**, museos,... 11:00-13:30 (hora galega). Ás 11:00 teremos que chegar á praza diante do edificio da Cámara de Melgaço para principiar o percorrido pola vila e os museos.
- De 14:00 a 15:00.- Xantar na **Pousada da Xuventude** 14:00-15:00 (hora galega)
- De 15:00 a 16:00.- Tempo libre
- Ás 16:00.- Remate da actividade e camiño de volta

LEMBRADE QUE:

- DEBEDES LEVAR, TOALLA, MUDA DE ROUPA -POR SE FORA NECESARIA-,
- DEBEDES LEVAR O XANTAR (UNS BOCADILLOS E BEBIDA) PARA O PRIMEIRO DÍA.
- MOI IMPORTANTE: LEVADE CALZADO COMODO PARA ANDAR POLO CAMPO

As habitacións están completas, coas camas feitas. Somente teredes que levar toallas.

ESTA ACTIVIDADE CONTA COA COLABORACIÓN DA CÁMARA MUNICIPAL DE MELGAÇO COMO RESULTADO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO CO PROXECTOTERRA.

Recordade que para participar nesta actividade hai que traballar expresamente a unidade de Identidade Territorial facendo fincapé nos apartados nos que se fai referencia á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

PROXECTOTERRA: INTERCAMBIO TERRITORIAL DE PORTO PROGRAMA 12-13

PRIMEIRO DÍA

Horarios en hora galega

- De 08:30 a 09:00: Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar á **Fundación Serralves** entre 11:30 e 12:00 (hora galega). A Fundación Serralves atópase na rúa Joao de Castro 210, 4150-417, Porto (N 41° 09' 35" W 08° 39' 36"), contacto **Cristina Lapa** +351226156500
- De 11:30 a 12:00: Chegada á Fundación Serralves. Tedes que indicar que sodes un grupo do **proxectoterra**,
- De 12:00 a 14:30: Actividades na **Fundación Serralves**. Para a visita guiada ao edificio e exposición faráanse dous grupos sendo acompañados por un guía cada un deles.
- De 14:30 a 15:30: Xantar nos xardíns da Fundación Serralves. Xa vos indican onde podedes xantar.
- De 15:30 a 19:00: **1º Itinerario en autobús e andando**(centro de Porto, Gaia, as pontes,..). Rematado o xantar, dous guías da FS vos acompañarán ao longo de toda a tarde, tanto no percurso en autobús como no percurso andando. O autobús vos leva desde a FS ata o Campo dos Mártires da Patria, onde comeza o percurso andando. O autobús tera que esperavos en Gaia, na Avda da República (N 41° 08' 11" W 08° 36' 31") seguindo as indicación que vos damos. Contacto cos guías **Rita Rocha** +351963214008
- 19:00: Remata o percurso do primeiro día na Avda da República, en Gaia. Aquí os guías rematan o seu traballo. Teredes que dirixirvos pola vosa conta á Pousada de Espinho, Lugar de Sales – Silvade, 4500-474 Espinho (N 40° 59' 52" W 08° 37' 22"), contacto Rui Maia +351969776345. Tedes que seguir as indicación da folia na que se indican os itinerarios do autobús. **MOI IMPORTANTE** non coller a Autopista **A29** pois non ten servizo de peaxe, **tedes que coller a A1** dirección **Lisboa**
- 19:30: Chegada á Pousada de Espinho e reparto das habitacións
- 20:30 – 21:00: Cea na Pousada

SEGUNDO DÍA

Horarios en hora galega

- De 09:30 a 10:00.- Almorzo de 09:30 a 10:00
- De 10:00 a 10:30.- Recollida das habitacións 10:00-10:30 e da bolsa da comida
- De 10:30 a 11:15.- **2º Itinerario en autobús** desde a Pousada de Espinho ata Matosinhos. Neste segundo día, os percursos teredes que facelos pola vosa conta seguindo as indicacións da folia na que se indican os itinerarios do autobús. Tedes que dirixirvos á parada de metro **Senhor de Matosinhos** (N 41° 11' 18" W 08° 41' 05"). O autobús ten que estar na **Casa da Música** (N 41° 09' 31" W 08° 37' 52") ás 14:00 para que podades coller a bolsa da comida.
- De 11:15 a 12:15: **Viaxe en metro** desde **Matosinhos** ata a **Casa da Música**. Somente é posible sacar os billetes individualmente, A operación de sacar os billetes leva un 45" por billete. Unha posibilidade é que os teñades sacado no paseo da tarde por Porto e aforraredes moito tempo. Os billetes teñen que pagalos o alumnado.
- De 12:30 a 13:45: Actividades na **Casa da Música**. Tedes que indicar na taquilla que sodes un grupo do **proxectoterra**, O billetes están depositados na Taquilla. Fanse dous grupos: un visita o edificio e outro desenvolve una actividade relacionada coa música. Contacto **Ana Rebelo**
- De 14:00 a 15:00.- Xantar nos arredores da Casa da Música
- 15:00: Emprendemos camiño de volta

LEMBRADE QUE:

- **DEBEDES LEVAR, TOALLA, MUDA DE ROUPA -POR SE FORA NECESARIA-,**
- **DEBEDES LEVAR O XANTAR (UNS BOCADILLOS E BEBIDA) PARA O PRIMEIRO DÍA.**
- **MOI IMPORTANTE: LEVADE CALZADO COMODO PARA ANDAR.**

Na Pousada as habitacións están completas, coas camas feitas. Somente teredes que levar toallas.

Recordade que para participar nesta actividade hai que traballar expresamente a unidade de Identidade Territorial facendo fincapé nos apartados nos que se fai referencia á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

PROXECTOTERRA: INTERCAMBIO TERRITORIAL DE GUIMARAES PROGRAMA 12-13

XOVES

Horarios en hora galega

- De 08:30 a 09:00: Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar á **Citania de Briteiros** entre 12:00 e 12:15 (hora galega).
- De 12:30 a 14:00: Visita guiada á **Citania de Briteiros**
- De 14:00 a 15:00: Xantar na zona da cafetería e recepción da **Citania de Briteiros**. Recordade que o alumnado ten que **levar o xantar para o primeiro día e un bocata e bebidas para media mañá**.
- De 15:00 a 17:30: **Percurso guiado no autobús desde Briteiros a Guimaraes** con visitas á igrexa e entorno do Mosteiro de SoutoSan Salvador e ao convento de Santa Marinha da Costa.
- Ás 17:30 a 19:00.- **Percurso guiado no autobús por Guimaraes**
- Ás 19:30.- Chegada á **Pousada da Juventude** e reparto das habitacións. As habitacións están completas, coas camas feitas. Somentemente teredes que levar toallas
- De 20:30 a 21:30.- Cea na **Pousada da Juventude** de 20:30 a 21:30 (hora galega)
- Ás 21:30.- Dependendo do programa de actividades, poderemos asistir a algún espectáculo no **Centro Cultural Vila Flor**, próximo á Pousada (pendente de confirmar)

VENRES

- De 09:00 a 09:30.- Almorzo na Pousada
- De 09:30 a 10:00.- Recollida das habitacións
- De 10:00 a 10:45.- **Visita guiada á área de rehabilitación de Couros**
- De 10:45 a 12:15.- Actividade en grupos "**Á descuberta do Centro Histórico de Guimaraes**"
- De 12:15 a 13:45.- Visita guiada ao **Paço dos Duques de Bragança**
- De 14:00 a 15:00.- **Xantar** na Pousada
- De 15:00 a 16:30.- Tempo libre e camino de volta

LEMBRADE QUE:

- DEBEDES LEVAR, TOALLA, MUDA DE ROUPA -POR SE FORA NECESARIA-,
- DEBEDES LEVAR O XANTAR (UNS BOCADILLOS E BEBIDA) PARA O PRIMEIRO DÍA.
- MOI IMPORTANTE: LEVADE CALZADO COMODO PARA ANDAR POLO CAMPO

ESTA ACTIVIDADE CONTA COA COLABORACIÓN DA CÁMARA MUNICIPAL DE GUIMARAES COMO RESULTADO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO CO PROXECTOTERRA.

Recordade que para participar nesta actividade hai que traballar expresamente a unidade de Identidade Territorial facendo fincapé nos apartados nos que se fai referencia á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

MOI IMPORTANTE: O autobús ten que estar co grupo disponible todo o tempo